



# MEMORIA 2018



Unha visita á Fundación de Arte Contemporáneo  
Manolo Paz en Cambados



## APACAF

Asociación de Pais de Persoas con Trastorno do  
Espectro Autista de Centros de Apoio Familiar



CON  
CALIDADE



DECLARADA DE UTILIDADE PÚBLICA NO DOG Nº 93 DO 13/05/2011 CO Nº DE REXISTRO 2004/6990-1



## A SEDE SOCIAL

### APACAF

Rúa Placer, 5-3ºB

36202 VIGO

 986226647

**Séguenos  
nas redes**

[info@apacaf.org](mailto:info@apacaf.org)

[www.apacaf.org](http://www.apacaf.org)



## OS CENTROS

### A Braña

Lg./ Pereiro, 18. Berres

A Estrada 36688

Desde 1988

 986 587475

### A Penagrande

Lg./ Penagrande, 1. Laxe

Moraña 36660

Desde 2009

 986 686749



# SUMARIO

	<b>QUEN SOMOS</b>
4	Alianzas
5	Carta da presidenta
6	Historia, Misión, Visión, Valores
7	Cómo nos organizamos.
	<b>OS NOSOS SERVIZOS</b>
8	Residencia
9	Centro de día
10/11	Respiro
12/13	Soños=realidades
14/15	Actividades
16/17	Vacacións
	<b>O EQUIPO PROFESIONAL</b>
18	Formación de formadores-- Programa de prácticas
19	Voluntariado- Recadación de fondos
	<b>A XESTIÓN ECONÓMICA</b>
20/21	Balance de ingresos e gastos
	<b>COMUNICACIÓN</b>
22	
	<b>COLABORADORES</b>
23	Fundación Tutelar FUNDITEA
24	Os nosos patrocinadores



# ALIANZAS

Socio desde 1994



Socio fundador desde 1995



Convenio con FUNDITEA

Fundacion Tutelar para a Promoción de Persoas con Discapacidade particularmente Trastorno do Espectro Autista



Coral Polifónica de Berres

Promotora do concerto benéfico a prol de APACAF



Convenio con Centro Médico de A Estrada  
Convenio con Universidade de Vigo  
Convenio con Universidade de Santiago  
Convenio con Concello de A Estrada



# Carta da presidenta de APACAF



30 ANIVERSARIO

1988-2018

*30 anos cumprindo soños*

APACAF

Desde unha fiestra desta obra tan fermosa de Manolo Paz na súa Fundación de arte contemporánea en Cambados, hai motivos para contemplar os 30 anos de APACAF con inmensa satisfacción.

Estimad@s amig@s:

O éxito de 30 anos de logros acádase co traballo do día a día e con un equipo de persoas implicadas: os mellores profesionais, os mellores voluntarios, pero tamén as mellores familias que saben apreciar a diferenza; que saben que menos é mais, que menos usuarios é mais atención individualizada, e que formar un fo-

gar para vivir en troques dunha residencia masificada significa un enfoque máis inclusivo, máis normalizado.

Nestes 30 anos demostramos que a xestión dun lugar para vivir de tipo familiar, con poucos usuarios, é economicamente viable sin renunciar á excelencia profesional, tamén para aqueles usuarios adultos que precisan de apoio xeral, intenso e continuado.

O noso obxectivo non é

dicir que temos unha residencia de 50 usuarios senon que temos 10 vivendas con 5 persoas compatibles en cada unha.

E, polo momento, temos 2 vivendas e brindamos a nosa axuda para quen necesite fundar outra casa como as nosas en calquera lugar de Galiza.

Considero que este é o camiño da inclusión.

María José Ferradans Vi-



# HISTORIA, VISIÓN E MISIÓN

## FITOS HISTÓRICOS

**Ano 1988**, ábrese o Centro “**A Braña**” froito do esforzo dun grupo de familias para atender as necesidades especiais de persoas con Trastorno do Espectro Autista.

**Ano 1993**, decídese en asemblea xeral constituír unha asociación que asuma a xestión do centro, creándose así **APACAF**, a entidade que agora asume a súa titularidade.

**Ano 2005**, creouse o primeiro servizo de **residencia de 365 días** ó ano, formando un fogar de residentes estable de 4 persoas con TEA que se ampliou no ano 2006 a 8 prazas. APACAF amplía os seus servizos a área de emprego con apoio, Plan Centrado na Persoa, mellora da calidade de vida...

**Ano 2007**, Creación dunha **Fundación Tutelar FUNDITEA**, para seguir prestando apoios cando a familia falte.

**Ano 2008**, ábrese as portas dun novo centro en A Penagrande, Moraña, polo que APACAF recibe un premio AGADER ás iniciativas de desenvolvemento rural. APACAF acada a certificación de calidade **ISO 9001:2008**.

**Ano 2011**, APACAF acada a certificación de COMPROMISO COA **EXCELENCIA EUROPEA**, EFQM e obtén a declaración de Utilidade Pública

**Ano 2013**, APACAF celebra os **25 anos** de apertura do centro A Braña

**Ano 2014**, APACAF recibe o **premio TERRITORIOS SOLIDARIOS** outorgado polos traballadores do Banco BBVA

**Ano 2017** acreditación de **transparencia** e boas prácticas a través da Fundación Lealtad

**Ano 2018** elabórase un Plano de **Igualdade** entre Homes e mulleres

## VISIÓN

**Ofrecer servizos de innovación e excelencia para as persoas con autismo e as súas familias**


## MISIÓN

***Mellorar a calidade de vida das persoas con autismo a partir dun enfoque centrado no individuo, as súas necesidades, a súa historia e a súa comunidade. Traballamos para ofrecer os apoios e o entorno necesario para que isto poida ser unha realidade.***



# CÓMO NOS ORGANIZAMOS

## organigrama





# RESIDENCIA

## Un lugar para vivir

### A BRAÑA

8 usuarios conviven no centro A Braña en réxime de residencia os 365 días do ano.

É un lugar para vivir no medio rural onde se priman:

- a autonomía persoal
- a atención individual (Plan Centrado na Persoa)
- a inserción laboral
- a saúde e benestar emocional
- inclusión social

COFINANCIADO POR:

Xunta de Galicia . Consellería de Política Social

Xunta de Galicia . Consellería de Economía. Programas de Cooperación





# CENTRO DE DÍA

## A PENAGRANDE

4 usuarios acoden ao centro **A Penagrande**, sito en Moraña, en réxime de centro de día de luns a venres en horario de 10:00 a 18:00

COFINANCIADO POR:

Fundación FUNDITEA

Deputación de Pontevedra

Xunta de Galicia Consellería de Economía. P. Cooperación

Obra Social La Caixa





# SERVIZO DE RESPIRO

## OCIO E TEMPO LIBRE

24 usuarios provenientes de diferentes concellos da xeografía galega acoden ao centro **A Braña** todas as fins de semana, de venres a domingo, e nun campamento no verán para pasar un tempo de lecer e convivencia.

COFINANCIADO POR:

**Xunta de Galicia. Consellería de Política Social**

**Xunta de Galicia. Consellería de Política Social—IRPF: Programa de respiro familiar**






# SERVIZO DE RESPIRO

## OCIO E TEMPO LIBRE

Actividades do servizo de ocio e tempo libre:

- actividades terapéuticas: musicoterapia, aula multisensorial, relaxación
- actividades na natureza: sendeirismo, deportes adaptados, coidado da horta ecolóxica
- actividades sociais: celebración de festas, saídas a cafetería, excursións






# soños = realidades

## Arte como expresión e disfrute

A expresión artística cultívase durante todo o ano como:

Aula: con tempo pautado e unha planificación coidadosa elabóranse ao longo de todo o ano manualidades, ornamentos de festas, pintura, murais, esculturas, música, etc.

Disfrute: tamén é importante contemplar as obras de grandes artistas en museos, pazos, galerías, organizando excursións as exposicións que nos oferta a contorna e que nos resultan interesantes



Manolo Paz, con gorra azul, guiounos pola súa finca-taller en Cambados onde disfrutamos da arte contemporánea nun día magnífico






# soños = realidades

## Maior autonomía nun entorno natural

APACAF promove a autonomía persoal e o maior nivel de vida independente das persoas con discapacidade a través da participación activa en todas as actividades da vida diaria e de talleres prelaborais, sempre tendo en conta os gustos, características e expectativas de cada un.

E todo nun entorno natural en permanente contacto coa natureza, que axuda a mellorar o benestar físico e emocional.





# ACTIVIDADES



Firma do contrato coa ACOE

## ECA

### Emprego con apoio: o traballo por conta allea

Candela foi contratada pola Asociación de Comerciantes de A Estrada (ACOE) no Nadal para facer tarefas de marketing

## HORTA ECOLÓXICA

### Inserción laboral: o traballo por conta propia

Sita na propia finca do centro A Braña, APACAF conta cunha explotación de agricultura ecolóxica con coidado de animais de curral con certificado do CRAEGA (Consello Regulador de Agricultura Ecolóxica de Galiza) na que os usuarios desenvolven habilidades pre-laborais. Os produtos que se producen (leitugas, tomates, cebolas, cabazas....) son para o autoconsumo.

Subvencionado por

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA




Recollendo framboesas na horta ecolóxica

## SAÚDE E BENESTAR

O benestar emocional é un área transversal que abrangue moitos aspectos da vida diaria:

- Alimentación sana e ecolóxica
- Exercicio adaptado
- Relaxación na aula multisensorial
- Coidado dos animais e da horta
- Visitas ao centro de saúde de A Estrada



Aula multisensorial no centro A Braña



# ACTIVIDADES

## FORMACIÓN CONTINUA

- Logopedia
- Psicomotricidade
- Horta ecolóxica
- Coidado de animais: galiñas, polos, parrulos
- Expresión plástica, informática
- Aula TEACHH



Aula de informática



Celebración do Día do Autismo na Estrada

## INCLUSIÓN SOCIAL


Ao longo de todo o ano realízanse numerosas actividades de inclusión social como saídas a cafetería, ir a mercar ou a pasear.

Na foto da esquerda celebrando o Día Mundial do Autismo nunha mesa informativa no mercado de A Estrada acompañados pola veciñanza, o alcalde de A Estrada, José López Campos, a concelleira de Servizos Sociais Amalia Goldar e outros membros da corporación municipal

## CELEBRACIÓN DAS FESTAS

As festas son a mellor ocasión para desenvolver a creatividade e a convivencia.

Na foto da dereita, un grupo de usuarios saíndo do centro A Penagrande preparados para celebrar a festa dos maios en Moraña



Festa dos maios no centro A Penagrande



# VACACIONES

## Viaxe a San Xenxo

**Datas:** 7 ao 11 de maio

**Lugar:** Hotel Carlos I, San Xenxo

**Participantes:** 6 persoas, usuarios do servizo de residencia do centro "A Braña"

**Programa:** desfrutar do bo tempo, praia pola mañán e as tardes máis versátiles con paseos por O Grove, A Toxa, visitas ás cafeterías para tomar xeados e refrescos, ou disfrute das piscinas do hotel

**Ratio monitor-usuario:** 1/1 + coordinadora de grupo

**Co-financiado por:** IMSERSO -Ministerio de Sanidad y Asuntos Sociales

**Organiza:** Confederación Autismo España

**Transporte:** IMSERSO





# VACACIONS

## Colonias de verán

### A Braña

### A Penagrande

**Datas:** mes de agosto

**Lugar:** centro “A Braña”,  
Berres. A Estrada

Centro A Penagrande, Laxe,  
Moraña

**Programación:**

Estancia vacacional

**Visitas a:**

- Pazo Azuaxo, Lalín
- Xardín botánico
- Santiaguíño do Monte
- Pazo Faramello

**Participantes:**

24 usuarios/as

**Co-financiado por:**

Xunta de Galicia e

Ministerio de Sanidad y  
Asuntos Sociales: IRPF

**Transporte:** APACAF



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE TRABALLO  
E BENESTAR  
Dirección Xeral de Promoción do Emprego



# FORMACIÓN de FORMADORES

## PROGRAMA de PRÁCTICAS

### PRÁCTICAS

- 1 estudante do CIFP Compostela Lamas de Abade (curso de Técnico en atención a persoas en situación de dependencia). Xaneiro a abril de 2018. 410 horas de prácticas
- 1 estudante da Universidade SciencesPo (Francia) (Facultade de Ciencias Políticas) Mes de xullo de 2018 (140 horas de prácticas)
- 1 alumna dun curso de "Monitor de tempo libre" de KOREMI. Mes de agosto de 2018 (75 horas de prácticas)



#### **Accións formativas de carácter externo:**

1. *Xornada "Benvidos ao espectro"*. Febreiro 2018. Cidade da Cultura de Santiago de Compostela. Organizado por ASPERGA. Participaron 2 profesionais de APACAF
2. *"Trastornos da alimentación en persoas con TEA"*. Marzo 2018. Santiago de Compostela. Organizado por Federación Autismo Galicia. Participaron 4 traballadores de APACAF
3. *"Integración sensorial en persoas con TEA"*. Abril 2018. Santiago de Compostela. Organizado por Federación Autismo Galicia. Participaron 4 profesionais de APACAF
4. *"Seminario de organización e celebración de eventos"*. Abril 2018. Santiago de Compostela. Organizado por EAPN-Galicia AGARESO. Participou unha traballadora de APACAF
5. *"Coñecementos esenciais de oficina"*. Abril 2018. Organizada por TUTELA Empresas. Participaron 2 profesionais de APACAF
6. *"Estimulación da linguaxe en persoas con TEA"*. Setembro 2018. Organizada por Autismo Galicia e DELETREA. Participaron 4 profesionais de APACAF

#### **Accións formativas de carácter interno:**

1. *"Introducción ao Sistema de Xestión de Calidade"*. Marzo 2018. Impartida por María José García Márquez (responsable de calidade da entidade). Participaron todos os traballadores de APACAF
2. *"Vida adulta en persoas con TEA"*. Marzo 2018. Impartida por varios profesionais do centro (7) e na que participou todo o equipo de APACAF
3. *"Coñecementos básicos sobre os Asperger"*. Marzo 2018. Impartida por Lucía Cacheda e Diana Cochón. Participaron todos os traballadores de APACAF
4. *"Trastornos da alimentación nas persoas con TEA"*. Setembro 2018. Impartida por Verónica Magariños e Diego Vila. Participou todo o equipo profesional de APACAF.
5. *"Estimulación da linguaxe en persoas con TEA"*. Setembro 2018. Impartida por Lucía Cacheda, Ana Vázquez e Mónica Forés. Participou todo o equipo profesional de APACAF
6. *"Inclusión socioeducativa nas persoas con TEA"*. Setembro 2018. Impartida por Ángeles López e Diego Vila. Participou todo o equipo profesional de APACAF



# VOLUNTARIADO RECADACIÓN DE FONDOS

## VOLUNTARIADO

Os voluntarios son o corazón da entidade



GRAZAS



## CONCERTO BENÉFICO

Organizado pola Coral Polifónica de Berres, tivo lugar o domingo, día 29 de abril, no Teatro Principal de A Estrada e contamos coa colaboración xenerosa de:



**Coral Polifónica de Berres, Coro Feminino de San Simón de Cacheiras, Tequexetéldere (grupo de baile rexional), Manole de Felisa (cantautor), Tha Bichos Jazz Band, Manolo do Atlético (monologuista) e Padre Xiao de Berres (monologuista)**

Abaixo, photocall con participantes do concerto e usuarios de APACAF






# INGRESOS





# GASTOS



- Personal
- Mantenimento
- Alimentación
- Transporte
- Seguros
- Consumos
- Bancos
- Alquiler
- Formación
- Cuotas
- Actividades
- Servizos externos
- Outros

**Asemblea Xeral Ordinaria do mes de xuño, 2018**





# COMUNICACIÓN

## DCMA-2 abril

### Día Concienciación Mundial do Autismo

#### ACTOS

- ◆ Mesa informativa no mercado da Estrada
- ◆ Mesa informativa no mercado de Moraña
- ◆ Roda solidaria e acto simbólico de rotura de barreiras
- ◆ Lectura de manifesto e reparto globos azuis

### Presenza nos medios en 2018



- 02/04/2018, Radio Estrada, entrevista de 20 minutos sobre os TEA e APACAF con motivo do Día Mundial do autismo
- 02/04/2018, Radio Pontevedra, entrevista de 10 minutos sobre os TEA e APACAF con motivo do Día Mundial de Concienciación sobre o autismo
- 05/04/2018 Faro de Vigo Edición Umia-comarcas: *Jornada de portas abertas en el centro A Penagrande por el Día Mundial del Autismo*
- 05/04/2018. Diario de Pontevedra Edición Caldas-Deza-Tabeirós. *A Penagrande abre sus portas para mostrar la labor que realiza en Moraña*
- 13/04/2018. Faro de Vigo Tabeirós-Montes: *Apacaf cumple 30 años y celebra el sábado el Día Mundial del Autismo en colaboración con el concello*
- 15/04/2018. Faro de Vigo Tabeirós-Montes: *Apacaf y A Estrada rompen con las barreras del autismo*
- 15/04/2018. La Voz de Galicia Deza-Tabeirós: *Barreras rotas por el autismo*
- 27/04/2018. Faro de Vigo Tabeirós-Montes: *A Estrada acoge un concierto en favor del centro A Braña para personas autistas*
- 27/04/2018. La Voz de Galicia Deza-Tabeirós: *El Principal de A Estrada acoge el día 29 un concierto benéfico a favor de personas con autismo*
- 29/04/2018. Radio Voz. *Entrevista sobre o concerto benéfico*
- 01/05/2018. Faro de Vigo Tabeirós-Montes: *Concerto benéfico a favor de APACAF*
- 18/06/2018. Faro de Vigo Tabeirós-Montes: *Apacaf reúne a sus socios y celebra su 30 aniversario*
- 25/08/2018. Faro de Vigo Tabeirós-Montes: *Treinta años de A Braña*

### Impacto

#### redes sociais

- 47 publicacións no FaceBook
- 40.000 persoas alcanzadas

### Resumo

#### aparicións nos medios

- 11 aparicións na prensa escrita
- 2 entrevistas na radio



# FUNDACIÓN TUTELAR FUNDITEA

## Memoria de actividades Ano 2018

### **SERVIZO DE ATENCIÓN DIRECTA NO CENTRO A PENAGRANDE**

#### • Centro de día

Durante todo o ano desenvolveuse o programa de centro de día e de rehabilitación psicosocial 5 días á semana, de luns a venres. As actividades que se desenvolveron foron:

- Autonomía persoal: talleres de formación, logopedia, ioga, informática, expresión artística
- Saúde e benestar: pscomotricidade, relaxación, sendeirismo
- Integración social: saídas pola contorna: cafeterías, compras, etc

#### • Estancia vacacional de verán

Durante o mes de agosto realizáronse estancias con pernocta cunha dobre finalidade: rehabilitación psico-social para os usuarios participantes e un tempo de descanso para as súas familias.



Xornada de portas abertas no centro A Penagrande e Celebración do Día Mundial do Autismo, 2 de abril, cunha mesa informativa no mercado de Moraña coa presenza da alcaldesa Luisa Piñeiro Arcos

### **COFINANCIACIÓN ACADADA**

Para estes servizos contamos coa cofinanciación de:

#### • **DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA**

Subvención para o Programa de Centro de día




#### • **XUNTA DE GALICIA**

Consellería de Economía D. X. de Promoción de Emprego:

Programas de Cooperación. Contrato de 9 meses de 3 educadoras





# COLABORADORES

## PÚBLICOS

## PRIVADOS

